



Maiúsculas e minúsculas

Levan maiúscula inicial

1. A primeira palabra dun texto e a primeira despois de punto e seguido, de punto e á parte e doutros signos (admiración, interrogación e puntos suspensivos) cando equivalen a punto.

Abrín os ollos. Onde estaba? Non recoñecía aquel lugar.

2. Os nomes propios: nomes de pía e apelidos, nomes de deuses e divindades, topónimos, nomes de ríos, de astros...

Xoana, Estévez, Zeus, Ourense, Sol

Como regra xeral, o artigo inicial dalgúns topónimos vai con maiúscula: *O Carballiño*. En cambio, vai en minúscula se forma contracción: *Son do Carballiño*.

3. As formas abreviadas de tratamento.

Dra., Sr., D^a., Vde.

4. A primeira palabra dos títulos de obras literarias e artísticas, programas de televisión...

Os dous de sempre, Mareas vivas

5. Os títulos de xornais e revistas, que adoitan levar en maiúscula tamén as iniciais das restantes palabras.

A Nosa Terra, Golfiño

6. Os substantivos e adxectivos dos nomes de institucións, organismos, partidos políticos, empresas e outras entidades formalmente constituídas.

Xunta de Galicia, Banco Pastor

7. Os substantivos e adxectivos dos nomes de etapas históricas, feitos singulares da historia, correntes artísticas e culturais, festividades civís ou relixiosas...

Paleolítico, Revolución Francesa, Noiteboa

8. Escríbense con maiúsculas todas as letras de números romanos e siglas.

Benedito XVI, ONU

Lembra

No caso dos dígrafos, só se escribe en maiúscula o primeiro elemento.

China, Guillerme

As palabras con letras maiúsculas seguen as regras xerais de acentuación.

África, CÉSAR

Levan minúscula inicial

1. A primeira palabra despois dos signos de admiración e interrogación cando van seguidos de coma ou punto e coma.

Calar?, falar?, que facer?

2. Os nomes propios cando son usados como comúns.

Non sexas quixote. Quero un ribeiro. Moléstame o sol nos ollos.

3. Os nomes xenéricos de lugar: *mar, cabo, illa, ría, río, canal, praza, rúa, avenida...*

mar Mediterráneo, cabo Touriñán

Excepción:

Algúns nomes xenéricos de lugar lexicalízanse e forman parte do nome oficial do topónimo, polo que deben escribirse tamén con maiúscula.

Mar Morto, Porto do Son

4. Os nomes xenéricos das relixións e dos seus seguidores.

budismo, budistas; cristianismo, cristiáns

5. Os nomes dos días, dos meses e das estacións do ano.

luns, xaneiro, primavera

6. Os nomes dos puntos cardinais cando fan referencia ás coordenadas xeográficas ou a unha dirección.

leste, vento do sur

7. Os nomes de cargos de institucións e empresas, títulos nobiliarios ou xerarquías relixiosas.

o presidente da Xunta, a condesa de Fenosa, o arcebispo de Santiago



Actividades

1. Indica, co número adecuado, que regra de uso das maiúsculas afecta ás palabras destacadas destas oracións.

- **A**s festas do **E**ntroido en **V**erín son divertidísimas.

.....

- **R**osalía de **C**astro inaugurou o **R**exurdimento coa publicación de **C**antares gallegos en 1863.

.....

- **Q**ue delicia de guiso! **P**restouche a ti tamén?

.....

- **S**egundo o xornal **G**alicia **H**oxe, acaba de ser descuberto un novo satélite de **S**aturno.

.....

- **O** **D**r. **H**enríquez foi nomeado director do **H**ospital **X**eral.

.....

- **O**nte vin na **T**VG o capítulo **XIV** de **P**ratos combinados.

.....

- **Q**uerida **P**aula: **E**scríboche esta postal desde **A**lemaña...

.....

- **A** comezos do século **XX** fundouse a **R**eal **A**cademia **G**alega.

.....

2. Completa os ocos destas oracións con letras en maiúscula ou minúscula segundo conveña.

- Reunireime conde. ás doce en punto naraza dauintana.
- Como ves ti ese problema?ensas que o resolveremos antes doadal?
- Oresidente daunta reunírase mañá coaelegada doindicatoabregoalego.
- As miñas clases nascolaficial dediomas comezan enutubro.
- Acabo de lernillón deacas deanuelivas e gustoume moito.
- Saímos d....oruña no veleiro con rumboeste e chegamos ata asllasisargas.
- Onde se puido meter Carme?,ría á praia?,airía de compras?
- Aocialistaoloresillarino é a primeira muller que preside oarlamento dealicia.
- Debes saber quehiva non é unhaeusa doudismo senón doinduísmo.
-xíaereira fará un traballo sobre aevoluciónrancesa.u fareino sobre oeolítico.
- Lin no xornalosaerra que o pasadoartes houbo un gran terremoto enaboerde.

- ## Óscar Pereiro, un talento en alza

cunha vitoria e un segundo posto nos pireneos demostrou que pasa por ser un dos mellores escaladores da actualidade de feito, afianzouse coa segunda praza na clasificación da montaña, por detrás do danés rasmussen, que fixo puntos nas primeiras etapas da rolda moitos pensan agora que de non ser pola súa fatídica caída nos alpes e por ter que facer de gregario do teórico líder do seu equipo, o colombiano santiago botero, hoxe estaría loitando polo podio en parís

[illegible]